



**DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DO PARQUE EÓLICO CAMPOS VELLOS, NOS CONCELLOS DE BEARIZ E BOBORÁS (OURENSE), PROMOVIDO POR GREENALIA WIND POWER CAMPOS VELLOS, S.L.U. (CLAVE: 2022/0093)**

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7.1.d que serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria os proxectos que deban someterse a unha avaliación de impacto simplificada, cando así o solicite o promotor.

O proxecto ao que se refire a presente DIA se atopa entre os incluídos no anexo II, grupo 4, epígrafe g da Lei 21/2013, que recolle as *"instalacións para o emprego da forza do vento para a produción de enerxía (parques eólicos) non incluídos no anexo I, salvo as destinadas a autoconsumo que non excedan os 100 kW de potencia total"*. En base ao antedito o proxecto debería someterse a unha avaliación de impacto ambiental simplificada.

Na documentación aportada o 9/06/2022, o promotor solicita que o proxecto se someta ao procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

## 1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

### 1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a sociedade Greenalia Wind Power Campos Vellos S.L.U. e o órgano substantivo é a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

### 1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

De acordo co estudo de impacto ambiental, o proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 30 MW de potencia total nos concellos de Beariz e Boborás (Ou), composto por 6 aerogeradores, unha torre meteorolóxica, 3 liñas de evacuación de enerxía eléctrica dos aerogeradores ata o centro de seccionamento e control do parque e unha liña de evacuación do parque, todo elo localizado dentro do polígono definido polas coordenadas UTM que se indican no punto 3 desta DIA.

As características principais do proxecto son as seguintes:

- Número de aerogeradores: 6
- Modelo previsto: SG 145
- Potencia nominal unitaria: 5 MW.
- Potencia total instalada: 30 MW.
- Altura de buxa: 102,50 m
- Diámetro de rotor: 145 m
- Orzamento (execución material): 23.285.545 €.





O parque contará coa infraestrutura necesaria para produción de enerxía eléctrica renovable para o cumprimento dos obxectivos do PNIEC no 2022 no que foi admitido a trámite.

O prazo estimado de execución do proxecto é duns 9 meses.

### 1.3. Principais elementos ambientais da contorna

Segundo se indica no EslA.

**Clima:** A temperatura media anual da zona de implantación é de 12.43 °C cunha oscilación térmica 15,12 °C; as precipitacións máximas se producen entre outubro e abril cun descenso considerable en xullo e agosto; os ventos predominantes son os do NE-SO.

**Xeoloxía e Edafoloxía:** O P.E. se asentará sobre rochas sitas sobre cuarcitas brancas tableadas. Os solos predominantes son da orde dos inceptisoles, moi similares aos materiais orixinarios polo que a súa xeografía se relaciona coa dos inceptisoles.

**Hidroloxía:** O parque se sitúa na corda divisoria entre o río Doade e o río Cardelle, cara o oeste e o sur, respectivamente, ambas cuncas son tributarias do Avia e por ende do Miño. Mais polo miúdo, na zona de implantación se localiza unha rede fluvial moi densa formada por pequenos regos de tipo intermitente.

O rego máis próximo aos elementos do parque é o das Fontiñas a uns 80 metros cara o surleste da plataforma do aerogenerador AE6.

A gabiá de cableado, dende o centro seccionador ata a subestación colectora atravesa tres regos dous deles por pistas existentes, sendo o terceiro un rego innominado non permanente.

**Vexetación e fauna:** A vexetación da zona de implantación é basicamente antrópica, abundan as plantacións forestais de piñeiros e os rodais de rexeneración da mesma especie, as frondosas, escasas, están representadas por exemplares de carballos, salgueiros e bidueiros. No que respecta ao mato, predominan os exemplares de toxos e xestas.

Na zona de implantación se inventariou a presenza da tartaraña cincenta, gatafornela, e bufo real. Entre os morcegos poderían estar presentes o morcego grande de ferradura e o morcego pequeno de ferradura.

Outras especies de interese, na zona de implantación, son a ra patilarga e píntega rabilarga.

**Espazos protexidos:** A actuación non afecta a espazos protexidos da Rede Natura 2000.

**Paisaxe:** A conca visual está moi disgregada, formando unha ampla retícula que dificulta a continuidade da visibilidade dos elementos do parque eólico. A presenza das estribacións meridionais da Dorsal Galega xeran unha conca con maior proxección cara ao leste e oeste, mentres que a cota descendente cara ao sueste, pola proximidade do río Miño fai que se reduza a afección visual. A profusión de pequenos arrosios, especialmente notoria cara ao val do Miño, xera vales cruzados que contribúen en gran medida ao carácter reticulado da conca visual.

**Patrimonio Cultural:** Na zona identificáronse sete elementos do patrimonio cultural e arqueolóxico.

## 2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

### 2.1. Resumo da tramitación

A presente resolución transcribíse tendo como base o documento preliminar e a documentación aportada o 16/11/2022 e para o cumprimento do PNIEC o proxecto foi admitido a trámite para o que conta co fito de dispoñer desta resolución antes do 24 de xaneiro do 2023, establecido no RDL 23/2020,





do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia e enerxía e noutros ámbitos para á reactivación económica, modificado polo Real Decreto-ley 29/2021, do 21 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito enerxético para o fomento da mobilidade eléctrica, o autoconsumo e o despregue de enerxías renovables.

## 2.2. Resumo do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EslA), o documento técnico do proxecto de execución, documentación complementaria incorporada ao longo da tramitación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EslA.

- A **Confederación Hidrográfica do Miño-Sil**, informa sobre diversas cuestións en materia de afeccións ao dominio público hidráulico, captacións, calidade das augas, verteduras e zonas protexidas, que deberan ser tidas en conta para a implantación do proxecto.
- A **Axencia de Turismo de Galicia**, informa que o impacto que terá o parque no turismo rural local así como na súa contorna é reducido e que poderá ser atenuados mediante as medidas compensatorias e correctoras postas en marcha co Programa de Vixilancia Ambiental.
- A **Dirección Xeral de Patrimonio Natural**, informa que comparando os resultados do inventario de avifauna e quirópteros presentado fronte aos datos de observacións dos mesmos inventarios realizados para outras instalacións de similares características durante anos recentes, obsérvase un nivel de detección asombrosamente baixo. Os datos contrastan mesmo cos que vén presentando o mesmo promotor.

Non se pode aceptar que un inventario, no que só se detecta a presenza dun exemplar de *Accipiter nisus* e outro de *Corvus corone* ao longo de todo un ano, sexa reflexo da realidade. Por non aparecer, non se detecta nin un só exemplar de *Buteo buteo*, rapaz amplamente distribuída por todo o territorio. O promotor debese ter un sistema de control de calidade que detecte que estes datos non poden ser representativos, analizar as causas e corrixir os problemas do inventario.

En consecuencia, se informa que, dados os defectos do estudo de impacto ambiental, considérase que a execución do proxecto, tal e como se contempla na actualidade, non é compatible coa preservación dos valores naturais da contorna polo que se informa negativamente.

En data de 2/012/2022 se requiriu unha aclaración sobre o dito informe.

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural, en resposta á anterior solicitude, o 5/12/2022 conclúe que o estudo de impacto ambiental presenta carencias acusadas que impiden dar por válida a identificación, descrición, análise e/o cuantificación feita dos posibles efectos significativos do proxecto sobre o conxunto de elementos do patrimonio natural e a biodiversidade e, por tanto, emítese informe desfavorable sobre o Parque Eólico Campos Vellos.

- A **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural**, informa favorablemente o proxecto e impón diversas condicións.
- A **Dirección Xeral de Saúde Pública**, indica que a información contida no EslA é insuficiente ou inexistente en varios aspectos que terán repercusións sobre a saúde da poboación polo que deben ser aportados para a súa consideración por parte da dita DX.
- O **Instituto de Estudos do Territorio**, Informa en data 28/10/2021 que o EIIIP do proxecto debía ser completado cos puntos indicado no dito informe. O 02/12/2021, o promotor remite documentación adicional.





O 23/12/2021, á vista da dita documentación, o IET informa que considera completo o novo EIIP ao recoller a xustificación de como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as directrices da paisaxe.

- A **Dirección Xeral de Emerxencias e Interior** informa que tras revisar a documentación se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, sen prexuízo de que se puidera estar afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o plan, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

Engade que o Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter, polo tanto, se é o caso, o titular deberá implantar, manter e revisar o seu propio plan de autoprotección, que é o documento que prevé as emerxencias que se poden producir a consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que podan afectar ao proxecto.

- O **Concello de Beariz**, informa que o concello carece de planeamento xeral e de ordenanza algunha para emitir informe polo que se remite de xeito subsidiario a aplicación da lexislación e normativa autonómica e estatal.
- Así mesmo, consta un informe do Servizo de Enerxía e Minas da **Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Ourense** na súa condición de unidade tramitadora do órgano substantivo, que recolle as características técnicas do proxecto, un resumo da tramitación practicada no expediente, tanto no referente á obtención dos condicionados técnicos do proxecto como á tramitación ambiental e os resultados da información pública, e no cal conclúe que procede continuar coa tramitación da avaliación de impacto ambiental e autorización administrativa previa.
- Segundo o previsto polo artigo 24 da Lei 9/2021 do 25 de febreiro, de simplificación administrativa y de apoio á reactivación económica de Galicia, enténdese que os informes non remitidos é debido a que o órgano substantivo entende que son favorables.

No tocante as alegacións, no expediente recibido constan un total de 25 entre as presentadas por particulares e diversas asociacións e organizacións. Das alegacións recibidas 7 son de asociacións e entidades, e as 18 restantes foron presentadas por particulares.

Unha parte do contido de varias das alegacións non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas ao ámbito competencial do órgano ambiental (bens e dereitos afectados, afección económica ás explotacións forestais e agro-gandeiras e retorno social, expropiacións de terreos, seguridade industrial, Plan sectorial eólico, fragmentación do proxecto, aspectos urbanísticos, etc.) que de ser o caso son obxecto doutras fases da tramitación por parte do órgano substantivo de cara ao outorgamento da autorización administrativa do proxecto, ou ben non atinxe á tramitación da avaliación de impacto ambiental de proxectos de cara á formulación da declaración de impacto ambiental.

### 3. ÁMBITO DA DIA

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que o proxecto de implantación do parque eólico "Campos Vellos" consiste na instalación e explotación dun parque eólico de 30 MW de potencia total nos concellos de Beariz e Boborás (Ourense), constituído por 6 aerogeradores de 5 MW de





potencia nominal unitaria, que se localizarán dentro do polígono definido polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29 T):

Vértices poligonal	UTM X	UTM Y
P1	561.136	4.705.342
P2	560.792	4.704.298
P3	561.352	4.700.751
P4	562.351	4.699.359
P5	564.350	4.701.267
P6	564.374	4.704.340
P7	563.535	4.705.048

A localización dos aeroxeradores e demais infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle nos planos nº 2.1.1 e 2.1.2 do proxecto de execución do parque eólico "Campos Vellos".

#### 4. PROPOSTA

Logo de realizar a revisión da documentación preliminar aportada co expediente de avaliación de impacto ambiental, propónse formular a declaración de impacto ambiental nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Manuel Díaz Cano  
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos  
(asinado electronicamente)

Conforme

Juan Manuel Camiño Soto  
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental  
(asinado electronicamente)

---

#### RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental negativa do proxecto do parque eólico Campos Vellos, promovido por Greenalia Wind Power Campos Vellos, S.L.U. nos concellos de Boborás e Beariz (Ou), ao concluírse, segundo se indica en diversos informes, e en particular no da Dirección Xeral de Saúde Pública e no da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, que o proxecto pode ter repercusións negativas sobre a saúde da poboación e non é compatible coa preservación dos valores naturais da contorna.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e se lle remitirá ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso algún sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto polo que se autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, (na data da sinatura electrónica)

María Sagrario Pérez Castellanos  
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (asinado electronicamente)

